

ENTREVISTAS A PROFESORES/AS

¡¡¡Ola queridos lectores de "INTRES"!!!

Neste número da revista poderedes ler unhas entrevistas que lles fixemos a catro profesores/as deste instituto, e son...

- Luís Martínez, o "profe" que está máis bo que os sobaos Martínez.
- Susana Losada, a profe máis "enrollada" do "insti"
- Ana, a Teacher máis tarambana.

E por último, e non peor, Xabier Garabal, un profe de "mates" sen igual a xente no seu sitio.

ENTREVISTA A LUIS, PROFE DE MÚSICA

1.- Canto tempo levas dedicándote á música?

Dende que era pequeno, tiña oito anos.

2.- Como empezaches?

Pois un día miña nai propúxome ir ao conservatorio, pareceume correcto e aceptei.

3.- Como eran os teus profesores?

Houbo de todo; os profesores dos conservatorios soen ser moi estritos, por exemplo, o primeiro profesor de solfexo que tiven era militar, da Academia Naval de Marín e non se parecía demasiado ao que vós considerades un profesor.

4.- Sempre sentiches que a música era a túa vocación?

Non exactamente, esas cousas co tempo van cambiando.

5.- Que foi o que te motivou a estudar a carreira de música?

Pois que nun momento determinado sentía máis atracción pola música que por ningunha outra cousa, á parte foi coma unha continuidade absolutamente natural.

6.- Sabemos que combinas a túa actividade como profesor con outras como músico profesional, poderías falarnos disto?

Teño algún concerto co coro universitario, dúas óperas de Mozart..., hai bastantes cousas, sobre todo para o terceiro trimestre do ano.

7.- Cántanos algunha anécdota

O mundo da ópera sempre é prolífico en anécdotas; unha vez pedíronme un autógrafo, aínda que eu era un vulgar corista, pensando que era un dos tenores solistas, e tamén recordo que nunha representación da *Frauta máxica* en Santiago, a raíña da noite quedou prendida na escenografía co seu vestido e houbo que parar a obra para desenganchala.

8.- Recentemente naceu unha xeración de artistas con pouca formación musical, pero foi un éxito case inmediato, cres que os músicos profesionais coma ti, que levan toda a vida no mundo da música, merecedes máis éxito que, por exemplo, os cantantes de *Operación Triunfo*?

Iso é moi relativo, porque os indicadores do éxito non son sempre os mesmos: unhas veces é o público ou o número de discos, e outras o prestixio que acadas entre os teus compañeiros ou entre os demais profesionais. En calquera caso, o tempo pon



9.- Como é a túa experiencia no IES de Melide?

É unha experiencia agradable, de momento lévoos ben.

10.- Sénteste a gusto neste instituto?

Si

11.- Se non foses profesor de música, ¿que che gustaría ser?

Pois probablemente sería xornalista ou xogador de voleibol.

12.- Como e onde foi a túa primeira vez dando clase?

Levo moito tempo dando clase e foi unha sucesión. Con dezaseis anos xa daba clase aos meus compañeiros e practicamente non deixei de facelo dende aquela.

13.- Que pensas facer o ano que vén?

Non o sei, dependerá do curso de traslados

ENTREVISTAS A PROFESORES/AS

ENTREVISTA A SUSANA LOSADA, PROFE DE GREGO E CULTURA CLÁSICA

1.- Por que decidiches estudar Filoloxía clásica?

Porque cando, coa vosa idade, empecei a dar latín en 2º de BUP vin que me gustaba moito; despois, en 3º, empecei co grego e aquilo aínda era mellor. Dende entón souben que era o meu.

2.- Como o tomaron os teus pais?

Ben, de feito meu pai cando eu era pequena dicíame que estudara iso e era eu quen lle levaba a contraria. Sen embargo, si había outra xente que me dicía que non tiña saídas e que non valía para nada.

3.- Foi che fácil sacar a carreira?

A verdade é que a levei ben. Había que traducir moito e tiñamos bastantes materias de literatura española, pero gustábame. Disfrutei moito estudando a carreira e teño que dicir que a saquei traballando pero sen morrer no intento.

4.- Como foi a túa primeira vez e onde dando clase?

Foi un pouco de golpe porque apuntárame nunha lista de substitucións e chamáronme nada máis acabar a carreira. De repente, estaba dando clase a xente maior ca min e sentíame un pouco agobiada, pero logo sentínme cada vez máis cómoda e ata hoxe.

5.- Como foi a túa primeira viaxe a Grecia?

Pois moi ben, fun cun grupo de amigos cando estabamos



en 4º de facultade. Collemos un billete de tren que se chama Interrail; que vos recomendo, porque por un prezo asequible podes andar por toda Europa. Foron case un mes de viaxe durmindo onde podíamos e visitando Italia e Grecia. Foi unha viaxe moi bonita e tiña moitas ganas de facela.

6.- A túa primeira impresión dos gregos:

A primeira vez que fun non coñecín o país en absoluto, non sabía falar grego e era unha turista máis. Pareceume xente exótica e paseino moi ben. Sen embargo, a segunda vez fun disposta a facer un curso de grego moderno e a falar coa xente, daquela foi cando xa me quedei impresionada e namorada do país. Deles destaco a súa hospitalidade, pero ao longo dos anos tamén fun vendo os seus defectos.

7.- Algo gracioso que che pasara en Grecia:

Moitísimas cousas, enchería a revista. Por exemplo, a hospitalidade da xente: estás paseando por un camiño e paras a preguntar algo (sobre todo se o fas en grego), mándante pasar, tomar algo, danche cousas para o camiño... pórtanse moi ben. Unha vez, en Rodas, fun por pan a un bar no que cáramos

na noite anterior, e acabei cunha bolsa chea de todo tipo de hortalizas totalmente gratuítas, pan incluído.

8.- Que che gustaría ser se non foses profesora de grego?

Pois alumna de grego (rise). A verdade é que non son capaz de verme noutra cousa, pero quizais faría algo relacionado co traballo social.

9.- Cantos anos levas exercendo?

Bastantes, porque empecei moi nova, debo levar dezasete.

10.- Cantos anos levas no I.E.S. de Melide?

Cheguei no 1993, así que levo 13 anos; e para o ano, que seguirei aquí, farei 14.

11.- Que tal levas estar aquí tantos anos?

De marabilla: encántame o sitio, os "profes", os alumnos... aínda cos seus defectos, e eu son crítica nese sentido. De non ser porque vivo a 50 Km xubilaríame aquí.

12.- Dinos algo bo e algo malo do instituto.

Creo que a xente de Melide é bastante sa. Aquí pódense facer cousas porque hai un bo ambiente de traballo e un bo equipo de profesorado. Creo que en comparanza con outros institutos temos moitas actividades. O máis positivo paréceme o alumnado e os compañeiros de traballo. Como negativo, quizais sexa o seu tamaño, é demasiado grande e ás veces a comunicación é difícil. Como feito aillado (espero) este ano, por exemplo, paseino moi mal ao coñecer un caso de acoso e maltrato a un rapaz da ESO.

ENTREVISTAS A PROFESORES/AS

ENTREVISTA A ANA IGLESIAS, PROFESORA DE INGLÉS

1.- Por que decidiches estudar a carreira de inglés?

Basicamente porque estaba un pouco perdida, non sabía que quería estudar; funme a Nova York e alí, como non sabía inglés, empecei a estudalo e xa decidín estudar inglés.

2.- Como o tomaron os teus pais?

Pois moi ben porque era un pouco vaga e cando empecei a estudar inglés empecei a sacar boas notas e quedaron bastante contentos.

3.- Foi che fácil sacar a carreira?

Si, non é unha carreira moi difícil, hai que estudar como en todas, pero hainas máis difíciles.

4.- Hai algúns profesores que pasaron algúns anos da súa vida en países de fala inglesa, foi ese o teu caso?

Eu estiven tres anos estudando en Nova York.

5.- Cal foi a túa primeira impresión dos ingleses?

...Son ingleses.

6.- Algo gracioso que che pasara alí?

Pois moitas cousas, unha delas foi que cando cheguei por primeira vez pensei que sabía falar inglés porque sacaba moi boas notas en inglés no instituto, resulta que me metín no metro e alí daban avisos en inglés, por exemplo que se paraba o tren e que había que baixar, e entón a última parada do metro era na que tiña que



baixar eu, pero resulta que a metade do traxecto dixeron en inglés algo que eu non sabía que era, entón baixou todo o mundo e de repente cerrou as portas e quedei alí. Resulta que dixeran que o tren estaba fóra de servizo, entón viñéronme buscar para dicirme que tiña que saír do tren, pero como non entendía inglés alí me quedei.

7.- Como foi a túa primeira vez dando clase? onde?

A primeira vez que dei clase real nun colexio ou instituto foi en Boimorto e foi fantástica.

8.- Se non foses profesora de inglés, que che gustaría ser?

Andar polo mundo adiante en calquera traballo.

9.- Cantos anos levas exercendo?

Dous

10.- Sentícheste ben dando clase no IES de Melide?

Si, sodes moi "curriños" todos

11.- Dinos algo bo e algo malo deste instituto

Bo, todo, basicamente e malo non podo dicilo porque non creo que haxa nada como para criticalo.

ENTREVISTA A GARABAL, DIRECTOR DO CENTRO E PROFESOR DE MATEMÁTICAS

1. Por que decidiches estudar matemáticas?

Primeiro, porque me gustaban as matemáticas, e segundo porque se me daban ben. Era unha das materias nas que tiña mellores notas.

2. Foi che fácil sacar a carreira?

Custou o seu traballo; hai que dedicarlle tempo, pero é cuestión de organización; de feito as fins de semana sempre as dediquei ao descanso e así e todo puideron sacar a carreira perfectamente.

3. Cantos anos levas exercendo?

Como docente levo 23 anos.

4. Como foi a túa primeira vez dando clase? Onde?

Foi en Mondoñedo nun instituto de ensino secundario. Foi moi agradable porque só tiña 23 anos e os alumnos aos que lle daba clase eran alumnos de COU de 17 anos, polo que case os vía como compañeiros e eles tamén me vían como unha persoa moi próxima. Foi satisfactorio, non había problemas nin conflitos nunha nova etapa da miña vida que eu afrontaba con moita ilusión.

5. Cántanos algunha anécdota.

Naquela época (1983) o instituto de Mondoñedo tiña un director que levaba moitísimos anos no posto, dende os tempos da ditadura franquista. A pesares diso soubo adaptarse ou simular que o facía ás novas circunstancias da democracia, e facíalle as

ENTREVISTAS A PROFESORES/AS



beiras a aqueles profesores e profesoras que el cría con máis inxerencias políticas ou sociais. A miña sorpresa foi descubrir que nas aulas había un sistema de megafonía conectado co despacho de dirección. Sempre tiveron a sospeita, pois non tiveron a oportunidade de comprobalo no despacho, de que a comunicación era bidireccional. Nese mesmo instituto e co mesmo director, segundo me contaron cando cheguei, continuaron a facerse celebracións públicas vinculadas co franquismo algúns anos despois da morte do ditador.

6. Se non puideras ser profesor de matemáticas, que che gustaría ser?

Buscaría algo relacionado coa licenciatura de matemáticas, vinculado á estatística, á meteoroloxía ou á informática.

7. Algo malo que che pasara neste instituto.

Paseino mal na visita realizada ao centro polo Presidente da Xunta, Manuel Fraga. Foi un momento moi delicado cando houbo esas palabras desagradables dirixidas a unha persoa maior, independentemente de que pensemos igual ou de distinta maneira. Máis aínda,

lembraba a actuación do Presidente ante o caso recente de abuso sexual a unha menor alumna do instituto por parte do seu alcalde do PP. O prioritario era dar unha lección de respecto democrático ás institucións e facerlle ler o lema do instituto que dende, e con motivo dos feitos, colga dunha pancarta no pavillón: "*Educación para elixir, elixir para ser libres*".

Eu era consciente de que a inauguración do Pavillón Polivalente ía ser un acto político organizado pola administración, pero non pensei en ningún momento que ía ser o invitado na miña propia casa. Deume pena ver a persoeiros locais pelexando e dando codazos para facerse un oco co único obxectivo de facerse a foto co Presidente.

Ademais sentíame desautorizado, polo profesorado que decidiu acudir co alumnado a aplaudir aos políticos e polos que decidiron protestar, pois as instrucións que dera no Claustro sobre o desenvolvemento do acto eran claras e explícitas: "Actividade lectiva normal". Agora, penso que todos reflexionamos e o que queda non deixa de ser unha lección positiva.

8. Por que decidiches presentarte a formar parte do cargo directivo?

Porque alguén ten que facelo. Cando estás nun centro tes ideas, e cousas que pensas se poderían facer e mellorar, é dicir, gustaríache levar adiante un programa. Neste instituto é relativamente fácil, porque o alumnado é bo, hai un grupo de profesores e profesoras

significativo que colabora non só á hora de propoñer actividades senón tamén á hora de levalas adiante, e existe un clima de cooperación coa ANPA do centro. Pensei que era o momento de asumir responsabilidades, de facer algo e dar o relevo ao equipo directivo saínte.

9. Arrepínteste?

Non, de ningunha maneira. Se acaso estou un pouco canso, porque hai que pensar que es o responsable do centro, con 82 traballadores que teñen distintas sensibilidades e intereses, e hai 600 alumnos que están baixo a túa responsabilidade. Aínda que en xeral, o alumnado responde moi ben e o persoal entende que ademais dun compañeiro tamén teño que supervisar o seu traballo como representante da administración, o cargo desgasta e cansa.

10. Como foron estes catro anos á fronte do IES de Melide?

Pois ben, eu estou contento, fixéronse cousas e intentámos introducir melloras nas instalacións. Alguén pode pensar que non se fixo todo o que había que facer, tampouco se pretende facer todo, ten que quedar algo para os que veñen despois e, polo tanto, fago unha valoración positiva.

11. Presentaríaste outra vez?

Si, pero non de forma inmediata; eu son dos que pensa que a xestión do centro ten que asumir todo o profesorado, e entón é conveniente que vaian pasando polos despachos profesores que non tiveron esa responsabilidade nunca e así vexan outra faceta da profesión docente.

ENTREVISTAS A PROFESORES/AS



No futuro, unha vez que se produza o relevo, non tería inconveniente en repetir.

12. Como combinaches ser director e profesor de matemáticas?

Pois moi mal. Aínda que intentas ser estrito co horario das túas clases; polo feito de ser director, en moitas ocasións xorden problemas que tes que atender de forma inmediata, no preciso instante de ir para a aula. Isto conleva problemas que perciben os alumnos: que chegas ás veces co tempo xusto ás clases, ou estás no medio da clase e tes que saír para atender ao inspector, accidentes... ,e entón si que é moi difícil compaxinar a tarefa de ser director coa tarefa de docente, pero inténtase levar da mellor maneira que un pode.

13. Algo bo e algo malo de ser director.

Que tes a oportunidade de facer algo que pensas é bo para o centro.

Algo malo: que ao mellor iso bo que ti estás intentando facer non agrada aos 600 alumnos ou ás 82 persoas que están traballando contigo no centro.

COTILLO

(Contestan os catro entrevistados)

- Cal é o teu grupo de música favorito?

Luís: Cold Play e Jamiroquai

Susana: grupos de música antiga e vocal, grega, étnica e jazz como Chet Baker ou os clásicos de de sempre (Ella Fitzgerald, Sara Vaughan, Billie Holiday...)

Ana: Bruce Springsteen e a canción *The River*

Garabal: gústame a música folk, por exemplo *Milladoiro*, e en xeral a música étnica.

- Cal é a túa película favorita? e o actor ou actriz?

L: *La naranja mecánica*. Paul Newman e Natalie Portman.

S: *Diarios de motocicleta*, que trata da vida do Che. George Clooney, Burt Lancaster...

G: non teño unha película favorita, déixome levar polas que me din algo, son orixinais ou están ben feitas ata o punto de que esqueces que estás a mirar unha historia. Podo apuntar títulos do máis variado: *Na busca do lume*, *Un home chamado cabalo*, *A vida de Brian*, *Novecento*, *Matrix*, *Mar adentro*...

- Cal é a túa comida favorita?

L: non teño unha comida favorita
S: a comida mediterránea e os peixiños fritos.

A: todo o que sexa pasta.

G: calquera prato feito con produtos do país gústame, ben sexa o cocido ou o marisco.

- Programa favorito.

L: os deportes

S: practicamente non vexo a tele. Algunha vez vexo En Portada ou algún outro documental deste estilo e gústanme

A: non teño programa favorito

G: varían co tempo; ultimamente gústame *Noche Hache*, paréceme orixinal e tamén intento seguir documentais ou programas tipo Documentos TV ou Informe Semanal.

- A que anos te independizaches de teus pais?

L: economicamente hai moito tempo; en canto a espazo físico, sigo sen independizarme.

S: aos vinte e tres.

A: aos vinte e un

G: pois cando empecei a traballar, aos vinte e tres.

- Que país é o que máis che gusta?

L: este está bastante ben, tampouco coñezo un número de países que sexa representativo.

S: Galicia

A: Siria

G: o meu, penso que vivimos no mellor país do mundo pero hai moitos países para visitar que tamén teñen moito que ofertar.

- Equipo e xogador de fútbol preferido.

L: o Celta e Alexander Mostovoi

S: tería que ser do Madrid, pola parte que me toca na miña casa, pero paso.

A: o Celta e Zidane.

G: non me gusta o fútbol pero admiro moito a Ronaldinho, penso que é un superdotado, e realmente disfruto cando vexo o dominio que ten do balón.

- Signo do zodíaco.

L: Escorpio

S: Aries, moi cabezota e moi terca

A: Saxitario

G: Touro e polo tanto testán.

- Se tiveses que ser un animal, cal che gustaría ser?

L: un falcón ou unha aguia.

S: un cabalo salvaxe ou un peixe do océano

A: un pingüino

G: un paxaro.

- Que tres cousas levarías a unha illa deserta?

L: a falta de rapazas, un acendedor, un libro e un piano

S: se non poidese levar a unha persoa moi querida, un coitelo e algo con que facer lume.

A: se non podo levar ao meu marido, parches de nicotina, un MP3 e un libro interminable.

G: depende da illa, pero levaría unha canoa para darme uns bos paseos polo mar, algún libro para ler e un montón de pasatempos para pasar o tempo.

"AS CHATAX"